

Protocolo de Adaptación ao contexto Covid-19

1. Introducción ▼

O presente documento ten como obxectivo principal a creación dunha contorna saudable e segura mediante o establecemento das medidas preventivas, colecticas e individuais, que se deben adoptar ao inicio do curso 2020/2021. Estas medidas implican a todo o persoal docente e non docente, ademais do alumnado e as súas familias, coa finalidade de protexer e previr, o máximo posible, o risco de contaxio pola COVID-19.

As medidas incluídas neste documento baséanse na “Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Presional e de Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia”, con data do 22 de xullo de 2020; como tamén no “Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (COVID-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia”, do 6 de outubro de 2020, da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria da Xunta de Galicia.

Estas medidas irán actualizándose cando for necesario: pola existencia dun novo marco de referencia ou se a situación epidemiolóxica o require.

2. Denominación do centro, dirección e teléfonos ▼

- Denominación: **Centro Municipal de Artes Escénicas de Oleiros (CEMAE)**
- Dirección: **Avenida del Valle Inclán, 24. Perillo. Oleiros**
- Teléfono: **981 639 688**

3. Membros do equipo COVID e funcións ▼

Membro 1	Lara Fenoll	Posto: Directora da Escola de Danza
Funcións ►	• Coordinar o “Grupo COVID-19” • Elaborar o “Protocolo de adaptación ao contexto COVID-19” • Informar o Concello de calquera incidencia e medida adoptada • Informar o persoal do CEMAE do protocolo e das accións a realizar • Informar as familias das cuestións relativas á COVID-19 • Xestionar os posibles contaxios entre persoal do CEMAE	
Membro 2	Mireia Facal	Posto: Xefa de estudos da Escola de Danza
Funcións ►	• Organizar e supervisar o material COVID-19 • Coordinar contaxios no alumnado de Danza • Participar na organización do CEMAE en relación á COVID-19	
Membro 3	Daniel Celester	Posto: Director da Escola de Teatro
Funcións ►	• Participar na organización do CEMAE en relación á COVID-19 • Coordinar contaxios no alumnado de Teatro	

Protocolo de Adaptación ao contexto Covid-19

4. Determinación do “Espazo de Illamento COVID” e dos elementos de protección que inclúe ▼

Desde o primeiro día habilitarase o gabinete de Dirección como espazo de uso individual no CEMAE para illar a aquelas persoas que presenten síntomas mentres non se xestione o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, solucións hidroalcolicas, papeleira de pedal e panos refugables.

5. Relación alumnado-profesorado ▼

Para o curso 2020/2021 establecéronse uns novos criterios en función das dimensións de cada aula.

- As aulas de planta superior marcáronse con cinta para delimitar as zonas de traballo de cada alumno/a.
- As aulas de planta inferior, debido ás características do chan e da dinámica das aulas de Teatro, non se marcaron e será o propio profesorado o encargado de que se respecte en todo momento a distancia de seguridade.

6. Persoal do CEMAE ►

Persoal docente	12
Persoal administrativo	1
Conserxe	1

7. Medidas xerais de protección individual ▼

■ 7.1. Canles de información e comunicación coas familias e persoal alleo ao CEMAE (provedores, visitantes, persoal do Concello...)

As canles de información serán o teléfono e o correo electrónico do CEMAE. Se for necesario asistir ao centro de forma presencial farase sempre con cita previa.

■ 7.2. Uso de máscaras no CEMAE e medidas de protección colectiva

De acordo coa normativa da Xunta de Galicia do 31 de agosto de 2020 no seu punto 25.1, a máscara será obrigatoria en todos os espazos da escola, tanto dentro da aula, como nos espazos comúns. Durante a realización das aulas tamén é obrigatoria a utilización de máscaras e o respecto das distancias de seguridade. Esta obriga é para todo o alumnado, independentemente da súa idade, e para todo o persoal do centro (docente e non docente). A máscara non pode ser substituída por outro elemento de protección como, por exemplo, unha pantalla.

- Nas entradas do CEMAE haberá dispensadores de xel hidroalcolico.
- Manterase a distancia mínima de 1.5 metros, tanto nos accesos como nos espazos comúns ou de atención ao público, para evitar aglomeracións.
- Nos espazos de atención ao público establecerase unha distancia de 1.5 metros entre o usuario e a persoa, a excepción das situacións nas que se habilite un elemento de protección colectiva no posto (panel, mobiliario que sirva de barreira física...).

■ 7.3. Información e distribución do plan entre a comunidade educativa

Será distribuído entre o profesorado e o persoal non docente do centro. Ademais, facilitaráselle unha copia ao Concello de Oleiros en formato dixital e a principios de curso enviaráselle un comunicado ás familias para informalas das medidas adoptadas.

Protocolo de Adaptación ao contexto Covid-19

8. Medidas de limpeza ▼

■ 8.1. Assignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario para limpar frecuentemente

A limpeza do CEMAE será realizada por unha empresa externa contratada polo Concello de Oleiros. Dita limpeza deberá realizarse seguindo o establecido nas medidas de prevención, hixiene e promoción de saúde fronte a COVID-19 para centros educativos publicadas polo Ministerio de Educación e Sanidade.

O CEMAE limparase unha vez ao día, prestando maior atención a aqueles espazos que o requiran pola intensidade de uso e reforzando a limpeza das áreas de uso común e as superficies de contacto máis habituais.

Durante o horario de apertura do centro haberá persoal encargado da limpeza das aulas, dos elementos comúns... en cada intercambio de clase.

■ 8.2. Cadro de control de limpeza dos aseos

Poderase colocar en cada aseo, fóra do alcance do alumnado, un documento para o control de limpeza do mesmo. Nel recollerase o día, a hora e o nome da persoa que realiza a limpeza.

9. Material de protección ▼

■ 9.1. Material do que dispón o centro

Haberá dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada do centro, nas zonas comúns e na entrada de cada aula, na mesa do/da docente de cada aula, na administración e na aula COVID. Ademais, haberá dispensadores de xabón en todos os aseos e papeleiras de pedal en distintas dependencias da escola.

Disporase infografía COVID nas distintas dependencias da escola, ademais de marcadores de sentido de circulación polo centro, de distancias de seguridade e división dos espazos. Así mesmo, nas entradas da escola colocaranse tamén alfombras hixiénicas.

10. Xestión dos gromos ▼

■ 10.1. Tratamento dun caso sospeitoso cando está fóra do CEMAE

O alumnado, o persoal docente e non docente e as persoas convivintes deberán realizar diariamente a “Enquisa de autoavaliación clínica da COVID-19” na que se valoran os síntomas que se presentan con maior frecuencia na COVID-19 (febre maior de 37.5, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto...), o que permitirá detectar precozmente a sospeita de infección por SARS-CoV-2. Se se presenta calquera destes síntomas non se deberá acudir ao centro, haberá que informar ao CEMAE e illarse obrigatoriamente. Así mesmo, poñeranse en contacto en 24/48 horas co seu centro de saúde ou consultorio médico para solicitar unha consulta telefónica co pediatra, médico de atención primaria ou mutua; se non conseguisen contactar poden chamar ao 881 002 021. En caso de sintomatoloxía grave ou dificultade respiratoria severa e de inicio brusco, chamarase ao servizo de Urgencias (061). O persoal sanitario profesional será o que valorará a clínica e prescribirá a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

Protocolo de Adaptación ao contexto Covid-19

■ 10.2. Tratamento dun caso sospeitoso cando está dentro do centro

- O alumnado e o persoal docente e non docente que presente sintomatoloxía compatible coa COVID-19 estando no centro educativo (febre maior de 37.5, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto...) serán considerados casos sospeitosos de infección por SARS-CoV-2 e serán trasladados á sala habilitada para o illamento con máscara cirúrxica e acompañados de persoal do CEMAE que tamén levará máscara cirúrxica. Esta sala debe ter unha ventilación adecuada e estar provista de xel hidroalcohólico, panos refugables e papeleira de pedal.
- Contactarase coa persoa responsable do “Equipo COVID do centro educativo”.
- Simultaneamente, a persoa responsable deste equipo deberá informar da situación á familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro na maior brevidade posible e levar o caso sospeitoso ao seu domicilio.
- A continuación, a familia responsable ou o/a propio/a paciente (de se encontrar en condicións) terá que poñerse en contacto telefónico co/coa seu/súa pediatra, médico de atención primaria ou mutua; de non conseguilo, poderá chamar ao 881 002 021. No caso de sintomatoloxía grave ou dificultade respiratoria severa de inicio brusco chamarase ao servizo de Urgencias (061).
- A persoa con síntomas compatibles coa COVID considérase caso sospeitoso e debe permanecer illada no seu domicilio ata dispoñer dos resultados das probas diagnósticas. Tamén permanecerán no seu domicilio os irmáns e as irmás do caso sospeitoso, ata o resultado das probas, por seren contactos familiares convivintes.

■ 10.3. Persoas que realizarán as comunicacións das incidencias ao Concello

Será a directora da escola ou, no seu lugar, unha persoa na que delegue se for necesario.

11. Medidas de carácter organizativo ▼

■ 11.1. Regulación de entradas e saídas

Organizaranse os horarios dos distintos grupos, na medida do posible, buscando que coincidan co menor número de persoas nas entradas e saídas do centro.

O alumnado de cada grupo será recibido por un dos conserxes na entrada do centro, quen será o encargado de tomarlle a temperatura, acompañalo á aula mantendo a distancia de seguridade e evitar que se fagan grupos.

No chan do centro disporanse frechas que indicarán o sentido de circulación para evitar cruces de persoas e minimizar ao máximo o contacto. Cada frecha situarase a 1.5 metros para que todo o persoal e o alumnado teña coñecemento da distancia que deben manter en todo momento.

Na Escola de Teatro establécese unha porta de entrada e outra de saída, tendo que respectar en todo momento esta indicación e o sentido de circulación marcado no chan.

No caso da Escola de Danza haberá unha única entrada e decidiuse que o alumnado saia polas portas de emerxencia que hai en cada aula. As aulas nas que non exista esa porta a saída farase pola porta principal, no sentido de saída, evitando coincidir con grupos que entren no centro.

Protocolo de Adaptación ao contexto Covid-19

■ 11.2. Determinación das portas de entrada e saída: circulación dentro do centro

Na Escola de Danza establécese como porta de entrada a porta principal, orientada cara a rúa Valle-Inclán. As saídas serán polas portas de emerxencia laterais de cada aula.

Na Escola de Teatro establécese como porta de entrada a que está orientada cara ao aparcamento da escola. A porta de saída será a que está situada no outro lateral do edificio.

■ 11.3. Previsión sobre a colocación de carteis

Colocaranse carteis nas distintas dependencias do centro, de acordo coas indicacións dadas polo Concello de Oleiros, pola Xunta de Galicia e polas autoridades sanitarias.

Estes carteis conterán medidas preventivas fronte a COVID-19, situándoas ben á vista e en sitios estratéxicos. Ademais, haberá carteis que informen sobre a obrigatoriedade da utilización de máscara durante todas as actividades que se realicen no centro, de manter a distancia de seguridade, sobre os medios de contacto co centro e as citas previas.

Ademais das frechas postas no chan que indicarán o sentido da circulación dentro das dependencias da escola, limitaranse as zonas de traballo e estableceranse distancias de seguridade.

12. Medidas de relación coas familias e a ANPA ▼

■ 12.1. Determinacións para as reunións da ANPA e do Consello Escolar

Dentro do posible establecerase que estas se fagan de forma telemática. No caso de teren que ser presenciais sempre se usará a máscara, manteranse as distancias de seguridade e, de ser posible, realizaranse no exterior; en caso contrario, faranse nun espazo ben ventilado e respectando todas as medidas de seguridade establecidas.

■ 12.2. Previsión de comunicacións e titorías coas familias

As titorías ou comunicacións entre o equipo docente e as familias serán preferentemente vía telefónica ou por videochamada. O profesorado decidirá, en contacto coa familia, o medio de comunicación que se utilizará.

O CEMAE establecerá o correo electrónico e o teléfono como medios de comunicación xerais coas familias.

Todas as reunións que se teñan que realizar presencialmente realizaranse con cita previa para adoptar todas as medidas hixiénicas necesarias. Escollerase o mellor espazo para realizala e manterase a distancia de seguridade en todo momento, como tamén se usará a máscara e o xel hidroalcólico ao entrar e saír da reunión.

No caso de ser unha reunión de grupo rexistraranse os datos das persoas asistentes por se for necesario ter constancia das persoas participantes ante un posible caso positivo por COVID-19.

■ 12.3. Normas para a realización de eventos

Quedan suspendidas as aulas abertas que se realizaban todos os cursos por non poder garantiren a distancia de seguridade entre as persoas asistentes e exceder o número de persoas por aula establecidas.

Para o resto de eventos teranse en conta todas as medidas de seguridade e hixiene vixentes nese momento, ademais da lexislación que regule o tipo de actividades a realizar, tanto para a comunidade educativa como para as persoas asistentes ao evento.

Protocolo de Adaptación ao contexto Covid-19

13. Previsións específicas para o profesorado ▼

■ 13.1. Para reunións do profesorado

Dentro do posible priorizarase a modalidade telemática. No caso de teren que ser presenciais, usarase a máscara en todo momento, manterase a distancia de seguridade e, de ser posible, realizarase no exterior; en caso contrario, farase nun espazo ben ventilado e mantendo todas as medidas de seguridade establecidas.

■ 13.2. Reunións de órganos colexiados do centro

Dentro do posible priorizarase a modalidade telemática. No caso de teren que ser presenciais, usarase a máscara en todo momento, manterase a distancia de seguridade e, de ser posible, realizarase no exterior; en caso contrario, farase nun espazo ben ventilado e mantendo todas as medidas de seguridade establecidas.

14. Medidas xerais de protección ▼

- Requirirase puntualidade, tanto na entrada como na saída.
- Cada alumno e alumna deberá facerse un test de autoavaliación e tomarse a temperatura, de tal forma que non acudirá ao centro no caso de presentar algún síntome compatible coa COVID-19.
- Respetaranse as entradas e saídas do centro, ademais de toda a sinalización existente dentro del.
- Será obrigatorio o uso de máscara dentro do centro, mesmo para a realización das aulas (en todos os niveis e idades), e evitase o contacto físico, tal como indica a lexislación vixente para as escolas de Danza.
- Tomaráselle a temperatura a todo o alumnado á súa chegada ao centro.
- Só poderá acceder ás instalacións o alumnado das escolas.
- Desinfectaranse as mans con xel hidroalcohólico á entrada e saída da aula.
- O alumnado de Danza Clásica deberá ir coa indumentaria de ballet xa posta, posto que non se poderá facer uso dos vestiarios.
- Non se poderá entrar nas aulas con calzado da rúa. Deberase traer unha bolsa ou mochila para gardalo. O alumnado de Danzas Urbanas deberá traer o calzado que vaia empregar nunha bolsa para poñelo antes de entrar na aula.
- Habilitarase unha zona para que o alumnado poida deixar a súa mochila e as súas pertenzas.
- Cada alumno e alumna terá que traer a súa propia botella de auga que deberá gardar na mochila.